

OBXECTIVO

APOIO AO ESTUDO DENDE A BIBLIOTECA PARA A COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES (curso 2007-08)

1. Agrupamento específico: alumnado de 2º ESO

As actividades foron levadas a termo no curso 2007-08 pola profesora Elena Souto Sieiro, coa seguinte orde e tipoloxía:

A.- FORMACIÓN DE USUARIOS DE BIBLIOTECA

1ª actividade. A partir dunha ficha, entregada pola profesora, coas indicacións precisas para saberen manexar as distintas fontes de documentación que se ofrecen nunha biblioteca, o alumnado buscou obras de diferentes autores coas que ían traballar en galego e castelá.

B.- BUSCA DE INFORMACIÓN

2ª actividade. Agrupado o alumnado na biblioteca, buscaron información nos distintos canles a súa disposición (ordenador, enciclopedia literaria e histórica,...) encol de Mark Twain e a súa época, autor de *Las aventuras de Tom Sawyer*, obra elixida para o Plan Lector.

3ª actividade. Dispostos en pequeno grupo, os alumnos buscaron outros títulos do autor do libro escollido no Club de Lectura, *El misterio de la isla de Tökland*, Joan Manuel Gisbert. Ademais, botando man do ordenador, obtiveron información sobre o autor.

C.- USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

4ª actividade. Os alumnos accederon ao blog da nosa biblioteca e achegaron os seus pareceres sobre a obra devandita, e participaron nos xogos e cuestións alí propostas.

5ª actividade. Por mor da lectura do libro *El niño con el pijama de rayas*, o alumnado entrou nas páxinas da Internet, relacionadas cos campos de concentración, e coñeceron a iconografía propia do nazismo: os camiños de ferro, os aramados, as ringleiras de xente asustada, o seu cabelo rapado, a delgadeza...

D.- USO DE DICCIONARIOS ESPECIALIZADOS

6ª actividade. Consulta do *Diccionario de frases hechas y de citas*. A profesora deulle aos alumnos unha reste de frases feitas para eles explicaren o seu significado coas súas propias palabras baseándose na súa experiencia. De seguido entregouselles indicacións para buscalas nun diccionario especializado coa fin de que contrastaran o seu significado.

7ª actividade. Consulta do *Diccionario para la resolución de dudas e irregularidades*. A profesora presentou algunhas palabras e expresións de escrita dubidosa ao alumnado para eles resolveren as súas dúbidas consultando este diccionario (v. g., que preposición rixe un verbo, como se distinguen as locucións de dobre escrita, etc.)

8ª actividade. Consulta do *Diccionario de sinónimos y antónimos*. Trala lectura dun capítulo de *Las aventuras de Tom Sawyer*, os alumnos deberon utilizar o diccionario a procura de sinónimos e antónimos dunha serie de termos seleccionados pola profesora.

2. Reforzo do proxecto interdisciplinar do Centro para alumnos con ACS.

As actividades foron levadas a termo no curso 2007-08 polo profesor Joaquín Montes, coa seguinte orde e tipoloxía.

PARTICIPANTES: Alumnos de 1º de ESO con ACS e profesor de P.T.

TEMPORALIZACIÓN. Trinta sesións de 50 minutos ó longo de todo o curso (oito meses), cunha sesión á semana.

O PROXECTO. Traballo interdisciplinar tendo como base común o libro:
Memorias dun neno labrego de Xosé Neira Vilas.

IMPLEMENTACIÓN. Traballamos por pasos, dun xeito progresivo, como segue:

1. Toma de contacto, con lectura do libro, aclaracións e búsqueda de palabras descoñecidas ou de moi pouco uso. Unha dificultade clara do libro e o seu alonxamento da realidade actual. Os nenos están lonxe do mundo de Balbino, o protagonista. No primeiro trimestre pediuselles que seguisen na TVG o programa-concurso “A casa de 1907”. Con todo esto elaboramos un borrador-guíón provisional.

2. Relectura pausada con resumos breves de cada capítulo. Apoio con imaxes de Internet e outros materiais da biblioteca.

3. Agás dos aspectos literarios da obra, centrámonos nos seguintes aspectos:

- A fauna e a flora do medio no que se move Balbino.
- Festas e costumes da época: os maios, o entroido, o San Xoán, o loito polos difuntos, a emigración.
- O traballo no campo: aperos de labranza e o carro de vacas.

Con todas estas actividades elaboramos un caderniño para que os alumnos recolleran nel o traballado neste realizado.

MATERIAL BIBLIOGRÁFICO EMPREGADO.

- CHOUZA MATA. *As árbores* Ed. CAIXANOVA. Museo do Pobo Galego.
- LÓPEZ GÓMEZ, Felipe-Senén. *Magosto* Ed. Bahía.
- LÓPEZ GÓMEZ, Felipe-Senén. *Maios* Ed. Bahía
- LÓPEZ GÓMEZ, Felipe-Senén. *San Xoán* Ed. Bahía
- NIÑO, Henrique *Guía das árbores de Galicia*. Ed. Bahía.
- PENAS PATIÑO *Guía das aves de Galicia* Ed. Bahía.
- VEIGA, P. *O libro dos xogos populares galegos*. Ed. Sotelo Blanco.